FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA EN FERROL

A nosa Área conta cunha importante traxectoria docente. Temos uns traballadores implicados coa formación e un equipo directivo con ganas de conseguir que a formación sexa clave. Podemos dicir que é un Area con moito afán neste eido e intentamos axudar na vosa formación, e facilitar tanto o acceso a cursos e congresos como as rotacións noutros hospitais nacionais e no extranxeiro.

O obxectivo é dotar aos profesionais sanitarios dos coñecementos, técnicas e habilidades propios da especialidade que elixades, garantindo unha elevada calidade asistencial e unha atención ao usuario integral e eficiente.

Os programas formativos da especialidade, adaptados a guía itinerario formativa (GIFT), podedes consultalos neste espazo web. Neles, establécense os obxectivos e as competencias a adquirir polo especialista en formación a través das rotacións e cursos contemplados no programa e adaptados a vós para obter a mellor formación posible.

A nosa formación é multidisciplinar, transversal e práctica; e a simulación témola como ferramenta docente en todos os nosos cursos.

Temos que destacar o importante labor que fan os nosos titores. Grazas a eles e elas damos unha atención moi personalizada e humana. Existe una relación de achegamento coas unidades docentes, e temos en conta as opinión dos residentes con apoio ao longo da residencia tanto no personal como no profesional.

Se queres ser especialista en atención ás persoas, á familia e á comunidade, somos o teu equipo. Nas nosas unidades docentes ímosche proporcionar unha formación íntegra e, ademais, en Familia.

Eres benvido!!!!!

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

- Comisión de Docencia
- Compromisos de confidencialidade
- Ficha entrevista titor-residente
- Fichas de avaliación
- Formación sanitaria especializada no Sergas
- Guía do Ministerio
- Guías Itinerario Formativo
- Normativa de formación sanitaria
- Rotacións

Páxina 1 de 1 1

Elementos por páxina 20

Clasificación

Categorías:

- Temas, Docencia e Formación Continuada, Docencia, Posgrao
- Colectivos, Profesionais, Persoal licenciado sanitario, Persoal sanitario diplomado ou técnico, Investigadores/as
- Son un profesional da saúde